



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 10 de febreiro de 2022**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego (virtual)  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font (virtual)  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira (virtual)  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro (virtual)  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dez de febreiro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(77).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 3 de febreiro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(78).-RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIO DUNHA AXUDA EN CONCEPTO DE BONO-TAXI 2021. EXPTE. 216746/301.**

Visto o informe de fiscalización do 31/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2022, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto da Área, polo xefe de Área e pola concelleira delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

## I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 12.03.2021 aprobáronse as Bases e a convocatoria de «SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACION DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021», elaboradas polo Servizo de Benestar Social (Exp. nº 212964/301).

I.2. As Bases deste Programa de subvencións foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 58 do 26.03.2021.

I.3. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP nº 63, do 06.04.2021, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 157, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.4. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas (111), as que quedarían na lista de agarda (22) e as denegadas (24), indicando neste último suposto a causa da denegación. Así, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 07.10.2021, acordou:

- *«PRIMEIRO.- Conceder as subvencións do bono-taxi 2021 ás 111 primeiras persoas que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de usuario de bono-taxi. Relaciónanse no Anexo I que comenza por \*\*\*5812\*\* cunha renda per cápita mensual de 21,41€ e finaliza por \*\*\*5289\*\* cunha renda per cápita mensual de 988,65€ por cumprir os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria e existir orzamento para a concesión (...).*

*(...) O gasto total (24.900,00€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“Subvención bono-taxis discapacitados”). RC-20200032451.*

- *SEGUNDO.- Aprobar a lista de agarda, integrada polas seguintes 22 persoas, relacionadas no Anexo II, que cumpren tamén os requisitos esixidos. Iniciase pola persoa con DNI nº \*\*\*7724\*\*\*, cunha renda per cápita mensual de 991,77€, e finaliza coa persoa con DNI nº \*\*\*6499\*\*, cunha renda per cápita mensual de 1.331,33€.*
- *TERCEIRO.- Desestimar as solicitudes de subvención das persoas que se relacionan no Anexo III, que comeza pola persoa con DNI nº \*\*\*2898\*\* e finaliza coa persoa con DNI nº \*\*\*7121\*\*, reseñándose en cada caso o motivo da súa desestimación...».*

I.5. Nese Anexo III (“Solicitudes desestimadas 2021”) figuraba, co número 9, a solicitude de D<sup>a</sup>. Emilia Gilsanz Carrera, por incumprir o requisito da base 6ª d): constar como titular de vehículo automóbil propio.



## Concello de Vigo

I.6. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local a interesada presentou o 18.11.2021 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 210233526) un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN solicitando a revisión do acordado sobre a súa solicitude de subvención.

### II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- TRLRFL (RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021».
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.

### III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, o recurso potestativo de reposición presentado por D<sup>a</sup>. Emilia Gilsanz Carrera diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 07.10.2021.

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se modifique a resolución impugnada.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso da Sra. Gilsanz Carrera, que propoñemos ESTIMAR expresamente toda vez que, revisado de novo o seu expediente, resultaría que, segunda a información facilitada pola DGT o 16.11.2021, D<sup>a</sup>. Emilia Gilsanz Carrera causou baixa en 2018 como titular do vehículo que deu lugar á desestimación da súa solicitude de bono-taxi.

III.6. Polo tanto, conforme coas «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021», a cantidade que lle correspondería percibir, de acordo coa Táboa contida na Base cuarta, é de 200 €.

Capacidade económica usuario/a	Importe da subvención bono-taxi
Entre 0 e 600,00€	300,00 €
Entre 600,01€ e 850,00€	200,00 €
Entre 850,01€ e 1.412,25€	100,00 €

#### IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-120 e 123-124 da LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro), propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

##### «ACORDO

PRIMEIRO: Estimar o recurso potestativo de reposición presentado por D<sup>a</sup>. Emilia Gilsanz Carrera (DNI/NIE/Pasaporte nº \*\*\*4086\*\*) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.10.2021, recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en concepto de bono-taxi por importe total de 200 €. O gasto derivado da estimación do recurso poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“Subvención taxis discapacitados”) ou a súa bolsa de vinculación.

SEGUNDO: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125 da LPACAP, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulga-



## Concello de Vigo

dos do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(79).-RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIO DUNHA AXUDA EN CONCEPTO DE BONO-TAXI 2021. EXPTE. 228274/301.**

Visto o informe de fiscalización do 31/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2022, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto da Área, polo xefe de Área e pola concelleira delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

#### I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 12.03.2021 aprobáronse as Bases e a convocatoria de «SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACION DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021», elaboradas polo Servizo de Benestar Social (Exp. nº 212964/301).

I.2. As Bases deste Programa de subvencións foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 58 do 26.03.2021.

I.3. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP nº 63, do 06.04.2021, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 157, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a chegada da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.4. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas (111), as que quedarían na lista de agarda (22) e as denegadas (24), indicando neste último suposto a causa da denegación. Así, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 07.10.2021, acordou:

- «PRIMEIRO.- Conceder as subvencións do bono-taxi 2021 ás 111 primeiras persoas que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de usuario de bono-taxi. Relaciónanse no Anexo I que comenza por \*\*\*5812\*\* cunha renda per cápita mensual de 21,41€ e finaliza por \*\*\*5289\*\* cunha

*renda per cápita mensual de 988,65€ por cumprir os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria e existir orzamento para a concesión (...).*

*(...) O gasto total (24.900,00€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“Subvención bono-taxis discapacitados”). RC-20200032451.*

- *SEGUNDO.- Aprobar a lista de agarda, integrada polas seguintes 22 persoas, relacionadas no Anexo II, que cumpren tamén os requisitos esixidos. Iniciase pola persoa con DNI nº \*\*\*7724\*\*\*, cunha renda per cápita mensual de 991,77€, e finaliza coa persoa con DNI nº \*\*\*6499\*\*, cunha renda per cápita mensual de 1.331,33€.*
- *TERCEIRO.- Desestimar as solicitudes de subvención das persoas que se relacionan no Anexo III, que comeza pola persoa con DNI nº \*\*\*2898\*\* e finaliza coa persoa con DNI nº \*\*\*7121\*\*, reseñándose en cada caso o motivo da súa desestimación...».*

I.5. Nese Anexo III (“Solicitudes desestimadas 2021”) figuraba, co número 6, a solicitude de D. Juan Manuel Fernández Varela, por incumprir o requisito da base 6ª, apartado d): constar como titular de vehículo automóbil propio.

I.6. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local o interesado presentou o 22.11.2021 un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN solicitando a revisión do acordado sobre a súa solicitude de subvención.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.



## Concello de Vigo

- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021».
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.

### III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, o recurso potestativo de reposición presentado por D. Juan Manuel Fernández Varela. diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 07.10.2021.

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccetes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se modifique a resolución impugnada.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso do Sr. Fernández Varela, que propoñemos ESTIMAR expresamente toda vez que, revisado de novo o seu expediente, resultaría que o vehículo que figura o seu nome é en realidade unha motocicleta e que o solicitante acredita fidedignamente mediante informe clínico que sufriu en 2017 a amputación da súa perna esquerda.

III.6. Polo tanto, conforme coas «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021», a cantidade que lle correspondería percibir, de acordo coa Táboa contida na Base cuarta, é de 200 €.

Capacidade económica usuario/a	Importe da subvención bono-taxi
Entre 0 e 600,00€	300,00 €

Entre 600,01€ e 850,00€	200,00 €
Entre 850,01€ e 1.412,25€	100,00 €

#### IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-120 e 123-124 da LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro), propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

**PRIMEIRO:** Estimar o recurso potestativo de reposición presentado por D. Juan Manuel Fernández Varela (DNI/NIE/Pasaporte nº \*\*\*4082\*\*) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.10.2021, recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en concepto de bono-taxi por importe total de 200 €. O gasto derivado da estimación do recurso poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“*Subvención taxis discapacitados*”) ou a súa bolsa de vinculación.

**SEGUNDO:** Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125 da LPACAP, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(80).-PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DO SERVIZO DE LIMPEZA E PEQUENO MANTEMENTO DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS (EMAO). EXPTE.350/613.**

Visto o informe xurídico do 03/02/2022 e o informe de fiscalización do 04/02/2022, dáse conta do informe-proposta do 21/01/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

**1.- Aprobación expediente de contratación:** A Xunta de Goberno Local, na sesión do 17 de xaneiro de 2018, aprobou a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios (expediente 350/613), así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 04/12/2017 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 09/01/2018 que rexen a licitación, e aprobou o





## Concello de Vigo

gasto por importe de 680.321,64 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

**2.- Adxudicación:** A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 9 de abril de 2018, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a MANTELNOR LIMPIEZAS S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, por un prezo total de 549.019,55 euros (IVE incluído), de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 17/01/2018 e a oferta presentada.

**3.- Prazos:** O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

- A) *"PRAZO DE EXECUCIÓN: 4 anos*
- B) *PRAZOS PARCIAIS: non se fixan*
- C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: sí, dúas prórrogas dun ano de duración cada unha*
- D) *DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: 15 de abril de 2018"*.

**4.- Formalización do contrato:** Con data 4 de maio de 2018 asinouse o contrato entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, establecéndose na súa cláusula 4ª que *"O prazo do contrato será de catro anos con posibilidade de prorrogalo por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas. A data de comenzo das prestacións será día seguinte ao da data da última sinatura dixital"*.

En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 4 de maio de 2022.

**5.- Conformidade coa prórroga:** En consonancia co artigo 303 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, que establece que *"poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos e que as prórrogas non superen illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinalmente"*, o Servizo de Educación 13 de xaneiro de 2022, require á adxudicataria para que manifeste o seu acordo en continuar a prestación do contrato durante o período de prórroga dende o 5 de maio de 2022 ao 4 de maio de 2023.

En data 17 de xaneiro de 2022, a adxudicataria manifesta o seu acordo coa prórroga proposta segundo as condicións do citado requirimento (documento con número de rexistro 220011514).

**6.- Prestación do servizo:** A prestación do servizo de limpeza e pequeno mantementos das instalacións e dependencias da Escola Municipal de Artes e Oficios por parte da empresa actualmente adxudicataria (Mantelnor Limpiezas SL) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 05/05/2022 e o 04/05/2023.

**7.- Orzamento:** O prezo total do contrato para catro anos quedou aprobado por un importe de 549.019,55 euros, sendo o prezo por anualidade de 137.254,88 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato do PCAP indícase que non procede a revisión de prezos.

En consecuencia, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 137.254,80 euros, IVE incluído.

Este gasto dividiríase en dúas anualidades: 85.680,24 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (desde o 05/05/2022 ata o 31/12/2022) e 51.574,64 euros con cargo ao exercicio 2023 (desde o 01/01/2023 ata o 04/05/2023) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3261.227.0000 (Gastos limpeza instalacións) dos exercicios 2022 e 2023.

En relación aos créditos para o exercicio 2022, faise constar que xa existe a operación contable RC 202200004644, por importe de 85.680,24 euros, de retención de crédito para a tramitación da primeira prórroga do contrato.

**8.- Competencia:** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previos informes da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a prórroga do contrato maior do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios (expte. 350/613) para o período comprendido entre o 05/05/2022 e o 04/05/2023, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 137.254,88 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Mantelnor Limpiezas SL, CIF B-15.857.220. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3261.227.0000 (Gastos limpeza instalacións) e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (de 05/05/2022 a 31/12/2022): 85.680,24 euros.

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 01/01/2023 a 04/05/2023): 51.574,64 euros.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(81).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA A ACORDO DE OUTORGAMENTO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2021. EXPTE. 18824/77.**

Visto o informe de fiscalización do 01/02/2022, dáse conta do informe-proposta do 26/01/2022, asinado pola técnica e Admón. Xeral (Resolución do 25/11/2021), o



## Concello de Vigo

concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2021.

### **ANTECEDENTES**

Con data do 23.07.2021 e núm. de rexistro 210153919 a empresa DANIEL RODRÍGUEZ CARBALLIDO co NIF 3614\*\*\*\* presentou solicitude de Axuda Municipal á Contratación 2021 (expte. 18367/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 29.10.2021, acordou denegarlle a axuda por *"incumprimento da Base 2, apartado a.1 Beneficiarios: a xornada do contrato indefinido é inferior á xornada do contrato do que deriva."*

De conformidade coa base a.6. *Concesión das axudas e tramitación do pagamento*, das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Contratación 2021, con data do 02.11.2021 procedeuse á publicación na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) do Concello de Vigo e posteriormente no taboleiro de editos a resolución relativa ao outorgamento destas axudas.

Con data do 26.11.2021 e documentos co núm. de rexistro 200239736 e núm. de rexistro 200239737 a empresa DANIEL RODRÍGUEZ CARBALLIDO co NIF 3614\*\*\*\* (expte. 18824/77) presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, recurso de reposición contra o acordo de resolución da Xunta de Goberno Local do 29.10.2021 pola que se lle denegou a subvención.

No recurso presentado o representante da empresa manifesta a desconformidade coa resolución e solicita deixala sen efecto e ditar outra pola que se lle conceda a subvención instada no programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (programa indefinidos) pola suma de 2.500 euros, baseándose, en síntese, en que:

- *"... la jornada de esta trabajadora era de 30 horas semanales, en el momento de la transformación de su contrato en indefinido, manteniendo esas 30 horas semanales en su conversión."*

E achega nova documentación non aportada no expediente de solicitude, engadindo que:

- *"El 1/07/2020 la trabajadora pasa a desarrollar una jornada de 30 horas semanales, en virtud de anexo al contrato de trabajo, firmado por ambas partes."*

*"Se acompaña anexo al contrato laboral como documento nº 1."*

*“Se acompaña informe de Vida Laboral como documento nº 2.”*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2021, expediente 18280/77, establece:

- Na base 2ª , apartado a.1. Beneficiarios: *“...A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda terá formalizado un contrato inicial previo de 3 ou máis meses de duración e cunha xornada laboral superior ou igual a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación. A xornada laboral do contrato indefinido que se subscriba terá unha duración igual ou superior a 20 horas semanais ou ao 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.”*
- na base 2ª, apartado a.2.7. *“A xornada do novo contrato indefinido será superior ou igual á xornada do contrato temporal do que deriva”.*
- na base 2ª , apartado a.5.2 na documentación relativa a cada persoa traballadora se require: *“f) Copia dos contratos de traballo (inicial, prórrogas e de transformación da modalidade de contrato a indefinido) no modelo que se estableza e rexistrados na Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.”*
- na base 2ª, apartado a.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento: *“Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar, neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.”*

Revisado o expediente 18367/77 a nome de DANIEL RODRÍGUEZ CARBALLIDO co NIF 3614\*\*\*\*\* de solicitude da axuda e o expediente 18824/77 polo que interpón recurso de reposición contra a resolución adoptada ao abeiro do disposto nas anteditas bases, ademais da regulación contida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia faise constar que:

- No expediente 18367/77 se presenta contrato eventual a xornada parcial de duración do 18/05/2020 ao 17/08/2020 cunha xornada laboral de 35 horas semanais, prórroga do contrato de traballo eventual do 18/08/2020 ao 17/02/2021 e contrato indefinido dende o 17/02/2021 cunha xornada laboral de 30 horas semanais, debidamente comunicados ao SEPE.

- Segundo a documentación presentada no expediente de solicitude constátase o incumprimento do requisito da base 2ª, apartado a.2.7 por ser a xornada do contrato indefinido inferior á xornada do contrato do que deriva.

- No expediente 18824/77 o recorrente achega anexo ao contrato de traballo eventual (documento nº 1) e informe de vida laboral (documento nº 2) que non foron presentados xunto



## Concello de Vigo

coa solicitude a tenor do disposto na base 2ª, apartado a.5.2; polo que a proposta de resolución formulouse en virtude dos anexos e documentación de solicitude presentada segundo consta no expediente 18367/77; non resultando procedente ter en conta na resolución deste recurso documentos que o recorrente debía ter presentado no expediente de solicitude.

- De conformidade co anterior, advírtese un erro na mecanización da referencia á base reguladora pola que se lle denega a subvención, por canto, en lugar de *“Incumprimento da Base 2, apartado a.1. Beneficiarios: a xornada do contrato indefinido é inferior á xornada do contrato do que deriva”*, debe dicir *“Incumprimento da Base 2, apartado a.2.7.: a xornada do contrato indefinido é inferior á xornada do contrato do que deriva”*; polo tanto, o motivo de denegación está contemplado nas bases reguladoras e convocatoria na base 2, no requisito a.2.7. e cómpre rectificar neste sentido o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29/10/2021, segundo se deduce da documentación obrante no expediente examinado.

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, as Administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Xa que logo, non procede estimar o recurso de reposición presentado pola empresa DANIEL RODRÍGUEZ CARBALLIDO co NIF 3614\*\*\*\*\* (expte. 18824/77) por canto a resolución denegatoria da axuda baséase na documentación presentada no expediente 18367/77 de solicitude que determina o incumprimento da base 2ª, apartado a.2.7.

Así mesmo, procede a emenda no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 29/10/2021 (e posterior acordo de rectificación de erro material do 23/12/2021 na mecanización da referencia numérica á base reguladora pola que se lle denega a subvención ao recorrente, de xeito que tanto no contido como no punto cuarto da parte resolutiva no motivo de denegación onde di

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Motivo Denegación
30	18367/77	DANIEL RODRIGUEZ CARBALLIDO	3614*****	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a xornada do contrato indefinido é inferior á xornada do contrato do que deriva.

debe dicir

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Motivo Denegación
30	18367/77	DANIEL RODRIGUEZ CARBALLIDO	3614*****	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.2.7: a xornada do contrato indefinido é inferior á xornada do contrato do que deriva.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** DESESTIMAR o recurso de reposición presentado por DANIEL RODRÍGUEZ CARBALLIDO co NIF 3614\*\*\*\*\* (expte. 18824/77) por canto a resolución denegatoria da axuda baséase na documentación presentada no expediente de solicitude 18367/77 que determina o incumprimento do requisito esixido - a xornada do contrato indefinido é inferior á xornada do

contrato do que deriva - establecida na base 2ª, apartado a.2.7, das bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Contratación 2021; non resultando procedente ter en conta na resolución deste recurso documentos que o recorrente debía ter presentado no expediente de solicitude.

**SEGUNDO.-** RECTIFICAR o erro advertido no acordo da Xunta de Goberno Local do 29/10/2021 (e posterior acordo de rectificación de erro material do 23/12/2021) polo que se aprobou o outorgamento das "Axudas Municipais á Contratación 2021" (Expte. 18280/77) no relativo á mecanización da referencia numérica á base reguladora pola que se lle denega a subvención ao recorrente, de xeito que, tanto no contido como no punto cuarto da parte resolutiva no motivo de denegación, onde di

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Motivo Denegación
30	18367/77	DANIEL RODRIGUEZ CARBALLIDO	3614*****	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a xornada do contrato indefinido é inferior á xornada do contrato do que deriva.

debe dicir

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Motivo Denegación
30	18367/77	DANIEL RODRIGUEZ CARBALLIDO	3614*****	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.2.7: a xornada do contrato indefinido é inferior á xornada do contrato do que deriva.

TERCEIRO.- Notificar á empresa o acordo adoptado en resposta ao recurso de reposición presentado, facendo constar que contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa."

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(82).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA A ACORDO DE OUTORGAMENTO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2021. EXPTE. 18950/77.**

Visto o informe de fiscalización do 01/02/2022, dáse conta do informe-proposta do 28/01/2022, asinado pola técnica e Admón. Xeral (Resolución do 25/11/2021), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**



## Concello de Vigo

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021.

### ANTECEDENTES

Con data do 04.08.2021 por medio dos documentos co núm. de rexistro 210161207 e co núm. de rexistro 210161209 a empresa SABELA SEIJO VILLAR co NIF 3945\*\*\*\*\* presentou solicitude de Axuda Municipal á Creación de Empresas 2021 (expte. 18487/77).

Con data do 08.10.2021 e Rexistro de Saída 76938-2021 enviouse requirimento de documentación para a emenda da solicitude de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021. A dita notificación recibíuse vía web con data do 17/10/2021 segundo consta no expediente.

Con data do 28.10.2021 e documento núm. 210218098, documento núm. 210218099 e documento núm. 210218101 a solicitante SABELA SEIJO VILLAR co NIF 3945\*\*\*\*\* achega documentación en resposta á notificación recibida. Ao revisar a dita documentación de emenda de solicitude obsérvase que non deu cumprimento ao requirido no prazo outorgado tal e como se lle solicitou na notificación enviada.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20.12.2021, acordou considerar por desistida a solicitude da axuda ao abeiro do disposto na base 3ª Instrución e tramitación das axudas, apartado 3.1 por *“Non atender ao requirimento de emenda da solicitude en prazo”*.

De conformidade coa *base 5ª Concesión das axudas e tramitación do pagamento*, das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021, con data do 20.12.2021 procedeuse á publicación na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) do Concello de Vigo e no Portal de Transparencia a resolución relativa ao outorgamento destas axudas.

Con data do 23.01.2022 e núm. de rexistro 220017063 a interesada SABELA SEIJO VILLAR co NIF 3945\*\*\*\*\* (expte. 18950/77) interpón, fora do prazo establecido ao efecto, recurso de reposición contra o acordo de resolución da Xunta de Goberno Local do 20.12.2021 pola que se lle denegou a subvención.

No recurso presentado a representante da empresa manifesta a desconformidade coa resolución e solicita se teñan por presentadas as alegacións que contén, segundo as cales non hai motivo para desestimar a súa solicitude de axuda, se emita resolución que revogue a recorrida e se dite resolución que recoñeza a axuda recorrida.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021, expediente 18293/77, establece:

– Na base 3.1: *“A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emenda a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así no o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.”*

– na base 5ª Concesión das axudas e tramitación do pagamento, , apartado 4: *“Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar, neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.”*

Revisado o expediente 18487/77 e 18950/77 a nome de SABELA SEIJO VILLAR co NIF 3945\*\*\*\*\* de solicitude da axuda e do recurso presentado respectivamente e ao abeiro do disposto nas antecitadas bases, ademais da regulación contida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia faise constar que:

- O recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente, do 20.12.2021 resulta extemporáneo por ser interposto fóra do prazo legalmente previsto e non procede a súa admisión.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- INADMITIR o recurso de reposición presentado por SABELA SEIJO VILLAR co NIF 3945\*\*\*\*\* (expte. 18950/77) por canto o recurso de reposición resulta extemporáneo por presentarse fora do prazo legalmente establecido e non procede a súa admisión.

SEGUNDO.- Dar conta á interesada do acordo adoptado en resposta ao recurso de reposición presentado.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(83).-REVISIÓN ORDINARIA DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS**





## Concello de Vigo

### **RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15857/444.**

Visto o informe xurídico do 03/02/2022 e o informe de fiscalización do 04/02/2022, dáse conta do informe-proposta do 03/02/2022, asinado polo xefe de Área de Investimentos, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

1.1.- A Xunta de Goberno Local, aprobou na sesión ordinaria do 20 de novembro de 2015, o expediente de **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO, (EXPEDIENTE 15857/444)**, o prego de prescricións técnicas particulares, o prego de prescricións administrativas particulares que rexen a licitación así como autorización do gasto, en base ao informe de necesidade e idoneidade asinado pola xefa dos servizos e polo Enxeñeiro Xefe de limpeza do 25 de setembro de 2015.

O obxecto do contrato é o mantemento integral dos equipos e instalacións electromecánicas de alumeado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, instalacións de enerxías eólicas, solares fotovoltaicas e fontes ornamentais existentes na cidade, co obxecto de lograr o correcto funcionamento das mesmas, melloralas e adaptalas a regulamentación vixente.

O contrato, de natureza administrativa, se calificou como un contrato mixto de servizos e subministro dos regulados no artigo 12 do TRLCSP, comprendendo prestacións propias do contrato típico de servizos (artigo 10 TRLCSP) e do contrato de subministro (artigo 9 TRLCSP), sendo a prestación que máis importancia ten dende o punto de vista económico a de servizos (88,87% do prezo do contrato), polo que na súa adxudicación se rexe polas normas do contrato de servizos por ser as prestacións de maior importancia desde o punto de vista económico.

1.2.- En data 24 de novembro de 2015 publicase o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo e demais diarios oficiais preceptivos, *procedéndose á apertura do prazo de presentación de ofertas que finalizaba o 9 de xaneiro.*

1.3.- Adxudicación.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 22 de abril de 2016, acordou a adxudicación á UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, do procedemento aberto para a contratación do mantemento das instalacións de alumeado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo, expdte.15857/444, por un prezo total de adxudicación de 9.119.168,03 euros (IVE incluído) e catro anos.

1.4.- Formalización do contrato.- Con data 26 de xullo de 2016 o Concello de Vigo formalizou o contrato coa UTE IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU.

1.5.- Modificación do responsable do contrato: A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 7 de setembro de 2017, aprobou "a modificación do contrato para a contratación do servizo de mantemento das instalacións de alumeadado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables, consistente en substituír ao responsable do contrato, xefe dos Servizos Enerxéticos polo xefe da Área de Investimentos. Con posterioridade, en data 2 de outubro de 2017 foi formalizado contrato modificando o apartado 1.C do Anexo I das FEC e procedéndose á modificación do responsable do contrato e notificándose ao contratista.

1.6.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 29 de decembro de 2017, entre outros asuntos acordou que: "*Revisión do prezo do período 1 de xaneiro a 31 de decembro 2018. Correspondendo para o ano 2018 un importe anual de **2.319.060,19 € (IVE incluído)**, correspondendo a facturación mensual de 193,255,02 € (IVE incluído).*"

1.7.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de xuño de 2019, entre outros asuntos acordou "Aprobar a revisión de prezos do contrato a partir do 1 de xaneiro de 2019, correspondendo un novo prezo anual de **2.334.361,35 € (IVE incluídos)**, sendo de aplicación como novo importe mensual dende o 1 de xaneiro de 2019 194.530,11 €.

## **II.- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:**

2.1.- O apartado 3 da cláusula 1 do PCAP, entre outras competencias lle asigna ao Responsable do Contrato; "*Proporen ó órgano de contratación as revisións de prezos, as modificacións contractuais e as prórrogas do contrato.*"

2.2.- A cláusula 31 do PCAP establece que:

- 1.- *Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ao responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.*
- 2.- *O importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.*
- 3.- *As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación.*

O apartado 3.j) das FEC establece que

*Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe.*

*Se aplicará o seguinte sistema de revisión:*

- *So será obxecto de revisión de prezos a porcentaxe que representan os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato. O resto dos conceptos que compoñan esta estrutura de custes non se revisarán.*
- *Os prezos se revisarán sempre e cando se modifiquen as táboas salariais establecidas no convenio colectivo provincial del metal.*
- *A porcentaxe de revisión será a mesma que experimenten as táboas salariais no citado convenio de aplicación ata o límite do 80% da porcentaxe que representan os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato,*



## Concello de Vigo

*conforme o presuposto desglosado do mesmo presentado polo contratista no sobre B da súa oferta.*

- *O licitador deberá solicitar a revisión de prezos por escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello e acreditar documentalmente a variación experimentada polo convenio colectivo de aplicación.*
- *A revisión de prezos se efectuará nos termos e prazos previstos no capítulo II do Título III do Libro Primeiro do TRLCSP.*

### **III.- SOLICITUDE DE REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO POR UTE LUZE VIGO**

3.1.- En data 19 de outubro de 2021 a adxudicataria UTE LUZE VIGO (IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU, presentou no Rexistro do Concello de Vigo, solicitude de revisión ordinaria de prezos de conformidade coa cláusula 3.j) das FEC, en base á modificación do convenio provincial do metal das industrias sen convenio propio.

Con data 24 de setembro de 2021, publícase no BOP o CONVENIO COLECTIVO DE TRABALLO PARA EMPRESAS DO METAL SEN CONVENIO PROPIO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (ANOS 2020-2022). O presente convenio establece como prazo de vixencia dende o 1 de xaneiro de 2020 ate o 31 de decembro de 2022.

Dito convenio regula os seguintes incrementos salariais:

- Para o ano 2020 o 0,5% sobre os valores das táboas salariais de 2019 que exclusivamente servirá de base de cálculo para as táboas salariais do ano 2021 sen que dita actualización xere atrasos.
- Para o ano 2021 o 1,75% para el 2021 sobre los valores de las táboas salariais de 2020 que será de aplicación con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2021.
- Para o ano 2022 o 1,75% para el 2022 sobre os valores das táboas salariais de 2021.

3.2.-Á vista da solicitude procede a revisión do prezo do contrato de acordo cos antecedentes e os seguintes cálculos:

a.- O incremento salarial de aplicación de acordo coas táboas salariais aprobadas para o ano 2020 e dun 0,5 %, pero non ten efectos de aplicación no ano 2020, senón que soamente será de aplicación para o calculo das táboas do ano 2021 que terá un incremento do 1,75 % e con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro de 2021.

Así mesmo para o ano 2022, o incremento estableceuse en 1,75 % sobre as táboas do ano 2021

b.- A cláusula 3.j) das FEC establece que "A porcentaxe de revisión será a mesma que experimenten as táboas salariais no citado convenio de aplicación ata o limite do 80% da porcentaxe que representan os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato, conforme o presuposto desglosado do mesmo presentado polo contratista no sobre B da súa oferta."

c.- De acordo coa oferta presentada pola UTE LUZE VIGO (IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS

ENERGÉTICAS, SAU, o porcentaxe do orzamento que se corresponde cos gastos de persoal foi determinado na táboa presentada dentro do apartado nº 4 "Presuposto do servizo", na cal se indican en porcentaxes todas as partidas de gasto, **correspondéndolle ao persoal un 65,98 % do total do importe da oferta.**

En consecuencia a revisión do prezo de acordo con esta solicitude terá efectos dende o 1 de xaneiro do 2021 de acordo cos seguintes datos:

**Revisión do prezo do para o ano 2021**

➤ Prezo total de licitación con IVE	10.603.683,75 euros
➤ Prezo total de adxudicación con IVE	9.119.168,03 euros.
➤ Prezo anual do contrato con IVE	2.279.792,01 euros
➤ Prezo anual con IVE da revisión 2017	2.303.859,32 euros.
➤ Prezo anual con IVE da revisión do ano 2018	2.319.060,19 euros.
➤ Prezo anual con IVE da revisión do ano 2019	2.334.361,35 euros

*Cálculos para a revisión do prezo do ano 2021:*

Importe anual actual	2.334.361,35 €
<b>Importe sen IVE (1)</b>	<b>1.929.224,26 €</b>
Gastos de persoal 65,98%	1.272.902,17 €
80% dos gastos de persoal	1.018.321,74 €
0,5% para o ano 2020 - exclusivamente servirá de base de cálculo para as táboas salariais do ano 2021	5.091,61 €
	1.023.413,35 €
1,75% para o ano 2021	17.909,73 €
<b>Incremento de aplicación (2)</b>	<b>17.909,73 €</b>
	1.947.133,99 €
	<b>IVE 408.898,14 €</b>
	<b>Novo importe anual con IVE 2.356.032,13 €</b>

Resumen da revisión do prezo en relación a facturación realizada no ano 2021:

	Facturado	revisión	Importe revisión
2021 Xaneiro	194.530,11 €	196.336,01 €	1.805,90 €
2021 Febreiro	194.530,11 €	196.336,01 €	1.805,90 €
2021 marzo	194.530,11 €	196.336,01 €	1.805,90 €
2021 Abril	194.530,11 €	196.336,01 €	1.805,90 €
2021 Maio	194.530,11 €	196.336,01 €	1.805,90 €
2021 Xuño	194.530,11 €	196.336,01 €	1.805,90 €
2021 Xullo (26 días)	194.530,11 €	196.336,01 €	1.805,90 €
2021 Xullo (5 días)	194.530,11 €	196.336,01 €	1.805,90 €
2021 Agosto	194.530,11 €	196.336,01 €	1.805,90 €
2021 Setembro	194.530,11 €	196.336,01 €	1.805,90 €
2021 Outubro	194.530,11 €	196.336,01 €	1.805,90 €
2021 Novembro	194.530,11 €	196.336,01 €	1.805,90 €
2021 Decembro	194.530,14 €	196.336,02 €	1.805,88 €



## Concello de Vigo

2.334.361,35 €

2.356.032,13 €

21.670,78 €

### *Cálculos para a revisión do prezo do ano 2022:*

Importe anual ano 2021	2.356.032,13 €
<b>Importe sen IVE (1)</b>	<b>1.947.133,99 €</b>
Gastos de persoal 65,98%	1.284.719,01 €
80% dos gastos de persoal	1.027.775,21 €
1,75% para o ano 2022 (2)	17.986,07 €
Novo importe anual (1) + (2) sen IVE	1.965.120,06 €
<b>IVE</b>	<b>412.675,21 €</b>
<b>Novo importe anual con IVE</b>	<b>2.377.795,27 €</b>

Sendo de aplicación como novo importe mensual dende o 1 de xaneiro de 2022 os seguintes: Sendo de aplicación de acordo coa prorroga vixente o período do 1 de xaneiro de 2022 ate o 26 de xullo de 2022.

### Importe mensualidades ano 2022

2021 Xaneiro	198.149,61 €
2021 Febreiro	198.149,61 €
2021 marzo	198.149,61 €
2021 Abril	198.149,61 €
2021 Maio	198.149,61 €
2021 Xuño	198.149,61 €
2021 Xullo (26 días)	171.729,66 €
	<b>1.360.627,32 €</b>

O novo importe para o prazo da prorroga correspondente o ano 2022 (período do 1 de xaneiro de 2022 ate o 26 de xullo de 2022) implica un incremento sobre o mesmo período do ano 2021 de **12.453,39 €**

### **IV.- APLICACIÓN DOS CRÉDITOS MUNICIPAIS DA REVISIÓN DE PREZOS**

O artigo 94 do TRLCSP establece que “O importe das revisións que procedan se fará efectivo, de oficio, mediante o abono ou o desconto correspondente nas certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando podan incluírse nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato.

A cláusula 31 do Prego de Prescricións Administrativas Particulares establece que *o importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.*

REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO PARA O ANO 2021: En base os cálculos xustificadas neste informe, da revisión de prezos para o ano 2021 procede:

- Determinar como novo importe do contrato dende o 1 de xaneiro de 2021 un novo prezo anual de **2.356.032,13 € (IVE incluído)**, sendo de aplicación como novo importe mensual dende o 1 de xaneiro de 2021 os seguintes:

	Novo importe mensual
2021 Xaneiro	196.336,01 €
2021 Febreiro	196.336,01 €
2021 marzo	196.336,01 €
2021 Abril	196.336,01 €
2021 Maio	196.336,01 €
2021 Xuño	196.336,01 €
2021 Xullo (26 días)	196.336,01 €
2021 Xullo (5 días)	196.336,01 €
2021 Agosto	196.336,01 €
2021 Setembro	196.336,01 €
2021 Outubro	196.336,01 €
2021 Novembro	196.336,01 €
2021 Decembro	196.336,02 €
	<b>2.356.032,13 €</b>

- En relación o período do ano 2021 xa facturado, procede aprobar en relación a revisión do novo prezo un importe a favor do adxudicatario UTE LUZE VIGO por valor de 21.670,78 €.  
Polo exposto o importe da revisión de prezos en relación ao ano 2021 supón un incremento de **21.670,78 €**

REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO PARA O ANO 2022: En base os cálculos xustificadas neste informe, da revisión de prezos para o ano 2022 procede:

Determinar como novo importe do contrato para o prazo da prorroga correspondente o ano 2022 (período do 1 de xaneiro de 2022 ate o 26 de xullo de 2022) o de **1.360.627,32 € (IVE incluído)**, sendo de aplicación como novo importe mensual dende o 1 de xaneiro de 2022 os seguintes:

	Importe mensualidades ano 2022
2021 Xaneiro	198.149,61 €
2021 Febreiro	198.149,61 €
2021 marzo	198.149,61 €
2021 Abril	198.149,61 €
2021 Maio	198.149,61 €
2021 Xuño	198.149,61 €
2021 Xullo (26 días)	171.729,66 €



**Concello de Vigo**

**1.360.627,32 €**

Polo exposto o importe da revisión de prezos en relación ao ano 2022 implica un incremento sobre o mesmo período do ano 2021 de **12.453,39 €**

#### **VII.- PROPOSTA.-**

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que nos contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09.03.2018) o réxime das prórrogas rexeráse pola normativa anterior.

O presente contrato regulase polo establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo cal o órgano de contratación competente para aprobar a revisión de prezos é a Xunta de Goberno Local de acordo co previsto na Disposición Adicional 2ª do TRLCSP.

Previamente a remitir expediente á Secretaría da Xunta de Goberno Local, para a súa inclusión no orde do día, a Intervención Xeral deberá emitir informe de fiscalización favorable.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a revisión de prezos do contrato para o ano 2021 con aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2021 a favor da UTE LUZE VIGO con CIF U27832096 (IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU como adxudicataria do contrato SERVIZO DE MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVICIOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO, a cal despois da aplicación dos criterios de revisión lle corresponden un novo prezo anual para o ano 2021 de **2.356.032,13 € (IVE incluído)** de acordo os cálculos xustificadas no expediente.

O incremento da revisión para o ano 2021, ascende a un importe de **21.670,78 €**, e para a súa financiación aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria do vixente orzamento (ano 2022) 1650.227.99.03, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e necesario.

**Segundo.-** Aprobar a revisión de prezos do contrato para o período do 1 de xaneiro de 2022 ate o 26 de xullo de 2022), a favor da UTE LUZE VIGO con CIF U27832096 (IMESAPI, S.A., FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU como adxudicataria do contrato SERVIZO DE MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVICIOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO, a cal despois da

aplicación dos criterios de revisión lle corresponden un novo importe de **1.360.627,32 € (IVE incluídos)** de acordo os cálculos xustificadas no expediente.

O incremento da revisión para o ano 2022, ascende a un importe de **12.453,39 €**, e para a súa financiación aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria do vixente orzamento (ano 2022) 1650.227.99.03, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e necesario.

**Terceiro.-** O presente acordo comunicárase ao Servizo de Contratación, á Intervención Xeral e ao contratista aos efectos oportunos, con ofrecemento a este último dos recursos previstos na vixente lexislación.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(84).-PRÓRROGA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-8. EXPTE. 11020/224.**

Dáse conta do informe-proposta do 03/02/2022, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica de Área e pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

O día 6 de agosto de 2021 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* (CMIDM) emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI núm.\*\*\*6236\*\*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada da súa filla menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-8, co obxecto de que a usuaria identificada con DNI núm.\*\*\*6236\*\* e a súa filla, a ocupasen por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de agosto de 2021.

Desde o día 31 de agosto de 2021 a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar





## Concello de Vigo

asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal en data 3 de febreiro de 2022 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a seis meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 por un período máximo de seis meses de duración a contar desde o día 1 de marzo de 2022 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 11020/224.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(85).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE PAPEL PARA USO DE FOTOCOPIADORAS E IMPRESORAS PARA OS SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6403/241.**

Visto o informe xurídico do 25/01/2022 e o informe de fiscalización do 31/01/2022, dáse conta do informe-proposta do 18/01/2022, asinado pola xefa de Área de Réxime Interior, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 06/03/2020, na súa calidade de órgano de contratación, acordou no expediente administrativo número 6403/241 adxudicar a CARLINGAL, S.L. (C.I.F. B32.170.961) o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de papel branco A4 e A3 apto para uso en fotocopiadoras de alta velocidade e impresoras (láser e inxección de tinta) para a realización das labores de xestión encomendadas aos distintos servizos do Concello de Vigo por un prezo total de VINTE E DOUS MIL EUROS (22.000,00 €) que inclúe a cota correspondente ao IVE de CATRO MIL SEISCENTOS VINTE EUROS (4.620,00 €), de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 10/03/2020. No apartado 4 do Anexo I das follas de características do contrato (FEC) consta o prazo total de UN ANO (1) e a posibilidade de CATRO (4) PRÓRROGAS DUN ANO (1) DE DURACIÓN cada unha delas.

3.- Con data 04.01.2022 remitiuse aviso previo de inicio de expediente de segunda prórroga o contratista conforme o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e no apartado 4 do Anexo I das follas de características do contrato (FEC), rexistro de saída nº105178-2021-1

4.- Con data 04.01.2022 as 16:50 horas CARLINGAL, S.L. recibiu a comunicación de inicio de expediente de segunda prórroga (segundo consta en certificado de notificación electrónica; achegado o expediente)

5.- Con data 13.01.2022 CARLINGAL S.L. (CIF B32.170.961) presentou a través do rexistro do Concello escrito de alegacións (cod. solicitude W644711-3149) contra a comunicación de inicio de expediente da segunda prórroga do CONTRATO DE SUBMINISTRO DE PAPEL BRANCO A4 E A3 PARA USO EN FOTOCOPIADORAS DE ALTA VELOCIDADE E IMPRESORAS (Ref. Exp. 6403/241) Neste escrito solicita a modificación ou suspensión do contrato vixente, motivándoa en graves prexuízos económicos para a compañía por incrementos actuais, e a previsión de futuros, nos seus custes de produción. Acompaña o seu escrito de noticias de prensa de distintos medios sobre aumentos no custe do papel, e de dúas cartas dun provedor de papel comunicándolles a subida de prezos de abastecemento de materia prima.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** Previamente a fundamentar a necesidade de prórroga do contrato procede resolver as alegacións presentadas polo adxudicatario CARLINGAL, S.L. con data 13.01.2022 contra ao inicio de expediente da prórroga referida.

### A) Prezo do contrato

Con data 10.03.2020 formalizouse por parte do Concello de Vigo contrato con CARLINGAL S.L. de acordo a oferta presentada por esta no proceso de licitación o contrato de SUBMINISTRO DE PAPEL BRANCO A4 E A3 PARA FOTOCOPIADORA E IMPRESORAS por valor de **22.000,00€** (IVE incluído) por ano.

Na oferta presentada por CARLINGAL S.L. obsérvase un desconto dos prezos unitarios do **12%** (para paquetes de 500 follas A4 e A3)

Como resultado desta baixa a oferta presentada por CARLINGAL, S.L. resultou a adxudicataria, o ser a de menor custe unitario de entre todos os participantes no proceso de licitación; e ser, precisamente a porcentaxe de desconto o único criterio de adxudicación (Folla de características do contrato, apartado 7.B)

Débase salientar que as porcentaxes de desconto (baixa) nos procesos de contratación son de libre elección polos licitadores participantes; e polo tanto, será o contratista quen deba asumir as posibles consecuencias futuras na rendibilidade do seu negocio que poida supoñer unha oferta libremente presentada.

Realmente a única obriga que impón a administración nos pregos é non superar o orzamento base de licitación (neste caso 22.000,00€/ano) Non negamos que é práctica común nos procesos de contratación a presentación de ofertas a baixa co obxectivo de acadar o contrato; pero, é responsabilidade dos distintos licitadores valorar ata onde poden chegar sin pór en risco os seus lexítimos beneficios comerciais, e dentro deste análise está valorar os posibles escenarios de mercado que se poidan formular a futuro. Mais, como



## Concello de Vigo

sucede aquí, coñecendo previamente a posible duración total do contrato. CARLINGAL, S.L. era perfectamente coñecedora, polos pregos, da posibilidade de prórrogas (4 en total) e do seu importe económico; polo tanto, dispoñía a data de presentación da súa oferta da información precisa e necesaria para unha valoración económica axeitada para os seus intereses.

Dentro da xurisprudencia da contratación pública rexe o principio de execución contractual “a risco e ventura” do contratista (art. 197 LCSP), ou como tamén sinala a vixente Lei de Contratos de Sector Público, ao de “risco operacional”. Dentro deste “risco operacional” están as posibles variacións no prezo das materia primas; variación que no intre actual pode ser “á alta” (e “en contra” dos intereses presentes do contratista), pero noutro momento futuro “á baixa” (favorecendo os beneficios do adxudicatario, sen que a administración poda aducila para pedir unha rebaixa no prezo a pagar) Esta flutuación de prezos é consubstancial a toda actividade económica, e un risco/oportunidade previsible para os operadores no mercado, podendo supoñer nos distintos momentos beneficios ou prexuízos. Non é aceptable que se alegue unha perda de beneficios como motivación para finalizar unha relación contractual asinada entre as partes.

A administración pública non pode asegurar os seus subministradores un beneficio “garantido” nas súas operacións, senón que serán estes os que de acordo a súa política de xestión empresarial os responsables da boa dirección das súas compañías. E dentro desta xestión empresarial atópase o estudo das previsións de mercado e dos riscos a asumir na formulación das ofertas nas licitacións públicas.

Asumimos que os contratistas a hora de presentar as súas ofertas son coñecedores das oportunidades, pero tamén os riscos, que se lle presentan, que estas ofertas responden a libre vontade dos licitadores, e que son conscientes dos compromisos que adquiren cando aceptan a adxudicación e asinan o contrato.

Sinalar ademais que no art. 3.K das Follas de Características do Contrato (FEC) non se prevé a revisión de prezos deste contrato.

### B) Modificación do contrato

A petición do interesado na súa alegación é instar a modificación ou a suspensión do contrato. Tales pretensións entran en colisión tanto coa actual lexislación en materia de contratos como contido do contrato asinado no seu día entre o Concello de Vigo e a empresa.

De acordo a Lei de Contratos do Sector Público a potestade de modificación de contratos corresponde en exclusiva a administración pública (art. 203), e tal modificación debe estar expresamente recollida no contrato (art. 204 LCSP) a través dunha cláusula de modificación (situación non prevista polo pregos; art. 15.A das Follas de Características do Contrato), ou no caso de tratarse de formular unha modificación non prevista nos pregos (art. 205 LCSP) debería corresponder os requisitos previstos na lei (situación tampouco non observable no caso en cuestión)

### C) Prórroga do contrato

No que atinxe a opción da prórroga esta aparece así reflectida expresamente non pregos (art. 4.K, FEC), e de acordo a normativa será acordada polo órgano de contratación é de cumprimento obrigatorio para o contratista (art. 29.2, LCSP)

Non hai motivo por parte desta administración para dar por finalizada a actual prestación contractual en vigor. As necesidades pola que se xustificaron no seu día o inicio do expediente de contratación seguen estando vixentes (a necesidade de prover o Concello de papel para as súas tarefas) Non habería xustificación legal que habilitara o fin dun contrato en vigor cuxo obxecto é claramente necesario para o funcionamento da administración pública.

**Segundo.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, Como resultado desta baixa a oferta presentada por CARLINGAL, S.L. resultou a adxudicataria, o ser a de menor custe unitario de entre todos os participantes no proceso de licitación; e ser, precisamente a porcentaxe de desconto o único criterio de adxudicación (Folla de características do contrato, apartado 7.B)

**Terceiro.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

**Cuarto.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente no apartado 4.C das FEC que o contrato poderá ser obxecto de prórroga, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de un ano (1) coa previsión no seu apartado c) de catro (4) prórrogas cunha duración dun ano (1) cada unha.

**Quinto.-** Considérase conveniente a proposta de prórroga do contrato de subministro de papel branco A4 e A3 apto para uso en fotocopiadoras de alta velocidade e impresoras (láser e inxección de tinta) para a realización das labores de xestión encomendadas aos distintos servizos do Concello de Vigo por un período dun ano, toda vez que a subministración durante o actual prazo de execución foi satisfactoria cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Sexto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.



## Concello de Vigo

**Sétimo.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 11/03/2022 ao 10/03/2023 e o seu prezo anual ascende a un total de VINTE E DOUS MIL EUROS (22.000,00 €) incluíndo a cota de IVE

**Oitavo.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 9200.2200002 "MATERIAL OFICINA" segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2022: período comprendido entre o 11/03/2022 e o 31/12/2022: 21.000 €
- Ano 2023: período comprendido entre o 01/01/2023 e o 10/03/2023: 1.000 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO:

**Primeiro.-** Desestimar polos motivos técnicos e xurídicos expostos no apartado primeiro do punto II, as alegacións presentadas por CARLINGAL, S.L., con data 13.01.2022 (código solicitude W644711-3149), e en consecuencia continuar coa tramitación da segunda prórroga do contrato.

**Segundo.-** Aprobar a segunda prórroga dun ano de duración do vixente contrato de subministro de papel branco A4 e A3 apto para uso en fotocopiadoras de alta velocidade e impresoras (láser e inxección de tinta) para a realización das labores de xestión encomendadas aos distintos servizos do Concello de Vigo (6403/241) formalizado coa entidade mercantil CARLINGAL, S.L. polo período comprendido desde o 11/03/2022 ata o 10/03/2023

**Terceiro.-** Autorizar o gasto estimado do contrato de subministro de papel branco A4 e A3 apto para uso en fotocopiadoras de alta velocidade e impresoras (láser e inxección de tinta) para a realización das labores de xestión encomendadas aos distintos servizos do Concello de Vigo (6403/241) a favor da entidade mercantil CARLINGAL, S.L. (C.I.F. B-32.170.961) por importe de VINTE E DOUS MIL EUROS (22.000,00 €) IVE engadido, imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 9200.2200002 "MATERIAL OFICINA" segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2022: período comprendido entre o 11/03/2022 e o 31/12/2022: 21.000 €
- Ano 2023: período comprendido entre o 01/01/2023 e o 10/03/2023: 1.000 €

**Cuarto.-** Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa adxudicataria CARLINGAL, S.L. indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(86).- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO I.M.E. MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL”. EXPTE. 1145/441**

Visto o informe xurídico do 28/01/2022 e o informe de fiscalización do 07/02/2022, dáse conta do informe-proposta do 24/01/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO**

1º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 27/10/2021, o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 18/11/2021 e informe da Intervención Xeral de data 19/11/2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 25/11/2021 aprobou o proxecto de “**ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO IME MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL**”, redactado polo Arquitecto D. Ángel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de **SEISCENTOS VINTE E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E TRES EUROS CON TRES CÉNTIMOS (627.223,03 €)** e asinado dixitalmente en data 11/08/2021 (Expte. 5051-443).

2º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 25/11/2021 que se corresponde co expediente administrativo 5051/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto D. Ángel J. Santorio Cuartero con data de sinatura dixital 11.08.2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en data 22/12/2021
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 22/12/2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 14/01/2022.



## Concello de Vigo

- E) Certificados de existencia de crédito (RC 6088 E RC FUT 6089) asinados polo Director Superior Contable en data 19/01/2022.
- F) Acta de replanteo do proxecto asinada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos con data 19.01.2022
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 19.01.2022.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 21/01/2022.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e Xefa do Servizo de Contratación en data 21/01/2022

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 19/07/2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “**ACONDICIONAMENTO DO ANDAR BAIXO E SOTO DO IME MIGUEL SERVET PARA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL**”, redactado polo Arquitecto D. Ángel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de **SEISCENTOS VINTE E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E TRES EUROS CON TRES CÉNTIMOS (627.223,03 €)** e asinado dixitalmente en data 11/08/2021.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 21/01/2022.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **SEISCENTOS VINTE E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E TRES EUROS CON TRES CÉNTIMOS (627.223,03 €)** sendo o importe correspondente ao IVE de 108.856,89 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3230.632.00.06 (INVESTIMENTOS NOVAS EIM)

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2022	30.000,00 €
2023	597.223,03 €
TOTAL	627.223,03 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1.990,74 %.





## Concello de Vigo

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(87).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 9429/336.**

Visto o informe xurídico do 21/01/2022 e o informe de fiscalización do 02/02/2022, dáse conta do informe-proposta do 14/01/2022, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á **ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES** dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento das actividades de dinamización infantil e xuvenil para nenos e nenas de educación primaria (6 a 12 anos) e a realización de actividades lúdicas en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade. O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2022.

O Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e

sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Este programa será levado a cabo nas instalacións da asociación, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización destas actividades.

Que o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é a única entidade que desenvolveu en Lavadores este programa de dinamización infantil e xuvenil dun xeito continuado dende o ano 2001, contando cun espazo axeitado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.02 cunha dotación de 28.000 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezaseis anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. En xuño, a partir das vacacións escolares e en xullo, o horario será de 09:30 a 13:30 h, excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo.

A asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores destinará á actividade un mínimo de dúas persoas que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

Por todo elo proponse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización infantil e xuvenil en Lavadores durante o ano 2021. Esta subvención cun importe de 28.000 € establécese a través dun convenio coa Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sen perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellaría de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.



**Concello de Vigo**

**PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL .**

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona **MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO**, na súa calidade de **CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE TURISMO E XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO**, na representación legal do mesmo, en virtude da **MODIFICACIÓN DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DE ÁREA** de 17 de agosto de 2020 que modifica a Resolución da delegación de competencias (2019-2023) da Alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados e delegadas de área de data 26.06.2019 modificada posteriormente por Resolución de data 13.08.2020 respecto do punto segundo da parte resolutiva , apartados 3, 5, 8, 10, 12, 15 e engade un novo apartado 16; con enderezo na Praza do Rei, nº 1, CP 36202, no exercicio das facultades e demais función que lle foron concedidas por razón do seu cargo.

Doutra, **D. ANTONIO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ**, con DNI: 53187380B, en calidade de presidente da **ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES** (en adiante A ASOCIACIÓN), con CIF: G36633618 e enderezo social na Rúa Ramón Nieto, nº 302, Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 9429-336.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.

**MANIFESTAN**

**I.-** Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos/as veciños e veciñas en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir.

Estes obxectivos concordan co desenvolvemento do programa de dinamización infantil e xuvenil que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

**II.-** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2. l) e m) dá Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e co artigo 80 dá lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, nas materias de promoción do deporte, da cultura e na da ocupación de tempo libre.

**III.-** Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a ASOCIACIÓN, referida ao desenvolvemento da actividade de dinamización infantil e xuvenil, polo que considerase conveniente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".

**IV.-** Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.02, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN.

**V.-** Que a ASOCIACIÓN non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

**VI.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia o convenio será o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, con arranxo as seguintes,

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO**

O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento das actividades de dinamización infantil e xuvenil para nenos e nenas de educación primaria (6 a 12 anos) e a realización de actividades lúdicas en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

### **SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES**

A **ASOCIACIÓN** comprométese a desenvolver as funcións e accións previstas neste convenio e, concretamente, a:

1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.



## Concello de Vigo

- 2.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria, con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos, no inmoble denominado Villa Galicia, na rúa Ramón Nieto núm. 302, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas agás nas vacacións de verán que será de 9:30 a 13:30 horas.
- 3.- Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade.
- 3.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das nenas e nenos destinatarios a través do xogo e de actividades lúdicas.
- 4.- Favorecer a participación e a integración social das persoas destinatarias, así coma das súas familias.
- 5.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.
- 6.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.
- 7.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.
- 8.- Fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos así como promover a coeducación para previr a violencia de xénero.

Pola súa banda, o **CONCELLO DE VIGO**, a través da Concellería de Xuventude, comprométese a:

- 1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de dinamización infantil a través da supervisión das mesmas polo persoal técnico do Servizo de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.
- 2º.- Conceder directamente á ASOCIACIÓN unha subvención por importe de 28.000 €, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da actividade de dinamización infantil no ano 2021.

### **TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente convenio enténdese vixente e sorte efectos **desde o 21 de novembro de 2021 ao 20 de novembro de 2022**, polo que ten efectos retroactivos a dita data desde o día da súa firma.

O presente convenio non será prorrogable.

### **CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 36.583,99 TRINTA E SEIS MIL CINCOCENTOS OITENTA E TRES CON NOVENTA E NOVE EUROS).

O Concello de Vigo financiará os gastos que se deriven do presente convenio de colaboración coa cantidade de **28.000,00 € (vinte e oito mil euros)**.

Este financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 3370.489.00.02 Subvención espazo de ocio infantil de Lavadores o vixente presuposto municipal.

#### **QUINTA.- RECURSOS HUMANOS E INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A ASOCIACIÓN deberá destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

De conformidade co esixido no artigo 13.5 de a Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, modificado por a lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, non poderán adscribirse á execución das actividades obxecto deste convenio os profesionais que fosen condenados por sentenza firme por delitos contra a liberdade e indemnidad sexual.

A tales efectos, estarase ao disposto en artigo 9 do Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro (BOE non 312 do 30 de decembro), polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

A documentación da acreditación destes antecedentes penais deberán ser entregados ao Concello antes de que os traballadores teñan contacto cos/as menores.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria ó Concello de Vigo. A ASOCIACIÓN será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

#### **SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA**

O prazo de xustificación **finalizará o 20 de novembro de 2022**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan (Art. 70 do RD 887/2006).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.



## Concello de Vigo

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, e conerá con carácter xeral a seguinte documentación:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) **Memoria económica** xustificativa do custe das actividades realizadas, que incorporará:
  - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
  - Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
  - Facturas electrónicas e/ou copias dixitadas compulsadas das facturas en papel.
  - As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención de dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conerán a correspondente retención fiscal.
  - De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

### SÉTIMA.- DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE

A ASOCIACIÓN debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade do Servizo de Xuventude.

O nome e anagrama do Concello de Vigo figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. Ao mesmo tempo, na difusión e publicidade que se faga en calquera das actividades levadas a cabo no marco deste convenio, destacarase en lugar preeminente a colaboración económica deste Concello.

A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas estará integramente en idioma galego.

### OITAVA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria. Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, o pago dos gastos derivados do presente convenio realizarase en dous prazos, cada un por importe do cincuenta por cento (50%) da cantidade consignada na aplicación presupostaria 3370.489.00.02.

- A primeira das entregas efectuarase a firma do presente convenio por importe de catorce mil euros (14.000 €).
- O 50% restante por importe catorce mil euros (14.000€), abonarase á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.

Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen réxime de garantías dos fondos entregados.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a Asociación beneficiaria presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

#### **NOVENA.- SUBCONTRATACIÓN**

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar ata un porcentaxe do 75 por 100 do importe da actividade subvencionada cos límites e obrigacións establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratista as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei

#### **DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Conforme á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) no seu art. 31.1 consideraranse gastos a subvencionar os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **21 de novembro de 2021 e o 20 de novembro de 2022**. O IVE soportado, que deberá constar desgalgado, será a subvencionar cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Serán gastos directos a subvencionar os que figuran a continuación:

- a) As retribucións do persoal directamente vinculado ao desenvolvemento das actividades establecido na cláusula quinta do presente convenio.
- b) A contratación dos servizos necesarios para a realización das actividades de dinamización e o resto de actividades subvencionadas.
- c) Os seguros de accidentes e de responsabilidade civil que cubran estas continxencias para os nenos e nenas e persoas participantes nas actividades
- d) Os gastos de comunicación, publicidade e difusión das actividades.

En relación cos **gastos indirectos** ou gasto xerais da Asociación (alugueres, enerxía eléctrica, auga, calefacción, teléfono, Internet, e outros gastos como material de oficina e limpeza), imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se desenvolva a actividade.

Os gastos indirectos non poden superar o 10% do presuposto que presenta a Asociación para o desenvolvemento das actividades.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos sendo subvencionable solo en caso que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.





## Concello de Vigo

Os gastos que se subvencionan neste Convenio corresponderán a gastos correntes non admitíndose os gastos de investimento en bens de equipos.

Cando o importe do gasto a subvencionar supere as contías establecidas na Lexislación de contratos para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Non serán admisibles xustificacións de gastos realizados para o cumprimento de fins distintos dos do proxecto subvencionado, e só admitiranse as xustificacións de gastos realizados dentro do prazo de execución establecido no parágrafo primeiro.

En virtude do art. 33 da LXS, o Concello de Vigo, poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados empregando un ou varios dos medios taxados no referido artigo.

De conformidade co art. 30.4 da citada lei, cando as actividades fosen financiadas, ademais de con a subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGACIÓNS DO BENEFICIARIO.**

A ASOCIACIÓN, comprométese ao cumprimento das obrigacións establecidas no art. 14 da Lei Xeral de Subvencións e das que a continuación se describen:

1. Realizar as actividades para a que se concede a subvención, axustándose aos termos do presente Convenio.
2. Presentar mensualmente o programa das actividades a desenvolver, nos primeiros cinco días do mes seguinte.
3. Acreditar ante o Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar canta documentación e datos lle sexan solicitados en relación coas facultades de control da actividade subvencionada.
5. Realizar a actividade co persoal requirido na cláusula quinta deste convenio para o desenvolvemento das actividades obxecto do mesmo.
6. Asumir toda a responsabilidade que puidese derivarse da organización e desenvolvemento das actividades definidas para alcanzar a finalidade deste Convenio de tal forma que o Concello de Vigo quede exonerada de calquera clase de responsabilidade. A tal fin, deberá
7. contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades. A ASOCIACIÓN entregará ao Servizo de Xuventude copia da póliza e do recibo de pago correspondente antes da firma do presente convenio.
8. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
9. Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

10. A ASOCIACIÓN será a responsable de velar polo estrito cumprimento da normativa vixente en relación ao COVID-19, e adoptar todas as medidas de seguridade e hixiene que se deriven da mesma.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN**

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude.

O persoal técnico do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

#### **DÉCIMO CUARTA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno.

#### **DÉCIMO QUINTA .- REINTEGRO**



## Concello de Vigo

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e ao reintegro das cantidades percibidas.

### **DÉCIMO SEXTA .- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

De acordo co previsto no artigo 64 do regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevenidas ou imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

En tal caso, a proposta de modificación haberá de comunicarse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen á Concellería de Xuventude estando suxeita á aprobación do órgano concedinte da subvención. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos da actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedinte e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, a ASOCIACIÓN quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

### **DÉCIMO OITAVA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución: motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
2. Acordo unánime de todos os asinantes.
3. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
5. Por calquera outra causa distintas anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

## **DÉCIMO NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

A ASOCIACIÓN está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria

Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.

## **VIXÉSIMA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE**

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xuño, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo: a lexislación básica do estado en materia de réxime local; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:



## Concello de Vigo

**PRIMEIRO:** "Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil entre o Concello de Vigo e o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, que se achega ao presente expediente.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto de 28.000 EUROS a favor da entidade Asociación Veciñal de Lavadores CIF: G36633618 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 do vixente orzamento.

**TERCEIRO:** Que se libre a cantidade de 14.000 EUROS correspondentes ao 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (14.000 EUROS) á finalización do mesmo por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada. Ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación do servizo para a xestión da Escola Infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos. Expte. 25377/332.
- .- Subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais e da Federación de Peñas recreativas El Olivo para a organización dos actos do Entroido 2022. Expte. 9159/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**12(88).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MESTRES GOLDAR-CASTRELOS. EXPTE. 25377/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Vistos o informe xurídico e informe de fiscalización, ambos do 09/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 8/02/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 09 de setembro de 2021, o Concelleiro de Educación resolveu “iniciar un novo expediente administrativo para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrelos”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación de data 06/09/2021, conformado polo Concelleiro de Facenda o 09/09/2021 e pola Secretaria do Goberno Local o 09/09/2021.
- Resolución do Concelleiro de Educación de 07/09/21, conformada polo Concelleiro de Facenda o 09/09/2021 e pola Secretaria do Goberno Local o 09/09/2021, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria Económica, redactada polo servizo de Educación, de 10/09/21.
- Documento económico (RCFUT), de 13/09/21.
- Declaración do redactor do Prego técnico, do 14/09/21.
- Prego de prescricións técnicas (PPT e anexos) de data 20/09/2021, redactado polo servizo de Educación.
- Memoria Xustificativa de data 04/10/21, redactada polo servizo de Educación.
- Informe de data 04/10/21 da xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 04/10/21, redactado polo servizo de Contratación.
- Acordos da Xunta de Goberno Local do 29/10/21 de aprobación do procedemento de contratación, dos correspondentes pregos (técnico e administrativo) e do correspondente gasto, e do 05/11/21, de rectificación do Anexo 3 do PPT, pola remisión, por parte da empresa adxudicataria do contrato actualmente vivente, dunha nova relación de traballadoras, tras detectar un erro no remitido con anterioridade.

Con data 26/11/21, o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia presenta Recurso especial en materia de contratación (Recurso nº 265/2021), en relación a este expediente. O expediente e o recurso remítense ao Tribunal Administrativo da Contratación



## Concello de Vigo

Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal). A partir dese momento incorpóranse ao expediente os seguintes documentos:

- ✓ Informe do servizo de xestor de data 01/12/21
- ✓ Informe do servizo de Contratación de data 02/12/21, de resposta ao recurso
- ✓ Acordo da XGL de aprobación do informe e remisión ao TACGal

Con data 23/12/21 o TACGal emite Resolución nº 266/2021, na que estima parcialmente (en relación á actualización dos salarios e antigüidade do persoal, no estudo de custos do contrato) o citado recurso, e desestima outras consideracións.

A XGL, en sesión de data 21/01/22, toma razón da Resolución 266/2021 do TACGal, recaída no recurso 254/2021 interposta polo Sindicato Nacional de CCOO de Galicia contra os pregos da contratación do servizo da xestión parcial da escola infantil Mestres Goldar-Castrelos, expediente 25377-332 do Concello de Vigo. Así mesmo, acorda dar traslado do expediente ao servizo de Educación aos efectos de retrotraer as actuacións do expediente ao momento de establecer o presuposto base de licitación de acordo co artigo 100 da LCSP e tendo en conta a resolución 266/2921 do TACGal.

A partir dese momento, no expediente figura a seguinte documentación:

- Escrito do 11/01/22 da empresa actualmente adxudicataria do contrato para a xestión parcial da EIM Mestres Goldar-Castrelos, no que indica os importes do complemento por antigüidade das traballadoras que actualmente prestan os seus servizos nesa escola infantil.
- Informe do servizo de Educación de data 21/01/22, en relación á Resolución 266/2021 do TACGal.
- Memoria económica modificada, de data 24/01/22.
- Documentos económicos (RC, RCC e RCFUT) de 24/01/22.
- Memoria xustificativa modificada, de data 01/02/22.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), de data 07/02/22, redactado polo servizo de Contratación.
- Dilixencia de data 07/02/22 da xefatura do servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: a xestión parcial da Escola Infantil Municipal “Mestres Goldar-Castrelos”, que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nela, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos neste prego e no de prescricións técnicas.

Duración: catro (4) anos, máis unha posible prórroga dun ano de duración

Prezo: estímase un prezo anual do contrato de 244.953,26 euros

Aplificación orzamentaria (e bolsa de vinculación):

3230.227.99.14 "EIM Mestres Goldar-Castrelos"

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación URXENTE dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrelos.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexos) de 20/09/2021 redactado polo Servizo de Educación (coa rectificación no Anexo 3 aprobada pola XGL de data 05/11/21), e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 07/02/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrelos, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 979.813,04 euros (172.951,80€ na anualidade de 2022; 244.953,26€ nas anualidades de 2023, 2024 e 2025; e 72.001,46€ na anualidade de 2026), importes exentos do IVE, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Mestres Goldar-Castrelos, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.14 ("EIM Mestres Goldar-Castrelos"), e bolsa de vinculación.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(89).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS E DA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2022. Expte. 9159/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.





## Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 08/02/2022 e o informe de fiscalización do 09/02/2022, dáse conta do informe-proposta de data 08/02/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Servizo de Festas da concellería de Participación Cidadá e Festas está a traballar na organización do **Entroido 2022**, que terá lugar na nosa cidade entre os días 25 febreiro e 2 de marzo, segundo a programación que consta neste expediente.

Por este motivo, con data 14 de xaneiro de 2022, o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas resolveu que se iniciase un expediente necesario para a concesión da subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e da Federación de Peñas recreativas “El Olivo” por importe de 85.000 € (oitenta e cinco mil euros)” para a organización do ENTROIDO 2022.

Dende o ano 1996, véñense realizando con ambas as dúas entidades convenios para o mesmo fin, así como similares, cun resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

A xustificación desta subvención nominativa vén dada na propia lexislación vixente, concretamente nos artigos 25.2. m,72 e 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, no que se fai referencia a que o municipio no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades culturais que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como que as entidades locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; e á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais. As dúas entidades asociativas propostas aglutinan a maior parte do movemento asociativo da nosa cidade nos ámbitos sectoriais da cultura e das peñas recreativas.

Así mesmo no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais.

O expediente de referencia ten por obxecto a concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo que se formalizará a través dun convenio.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar a subvención que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A proposta do texto do convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público e que permiten regular os termos da concesión.

O réxime xurídico de aplicación da presente subvención de carácter nominativa atenderá ao previsto nos artigos 22.2.a e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007.

O presuposto total, incluído no expediente, da achega ascende, segundo o detalle presentado pola comisión organizadora a 121.000 euros, que incluírá todos os gastos que se xeren como consecuencia da programación e premios dos concursos recollidos nas bases deste expediente.

No vixente programa orzamentario na aplicación 3380.480.0002 (convenio organización entroido) se prevé a concesión nominativa e directa dunha subvención por importe de 85.000 €, para organización do Entroido 2022, que será asignada entre as dúas entidades do seguinte xeito:

- a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 41.950,50 € (corenta e un mil novecentos cincuenta euros )
- b) A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666 a cantidade 43.049,50 € (corenta e tres mil cincuenta euros)

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e Agrupación de Centros Deportivos e Culturais non están incursas en prohibición para ser beneficiarias das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchanse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teñen débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

De conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da concesión da subvención nominativa, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do que antecede, e coa conformidade do Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, e tras os informes favorables Xurídico e da Intervención Xeral, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

## **PROPOSTA.**

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención nominativa a favor das entidades Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 e Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF- G-36.704.666, para a organización dos actos do Entroido 2022 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto total de 85.000,00 euros a favor das entidades Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, (CIF G-36.791.291) con enderezo



## Concello de Vigo

social na rúa Ecuador, nº 34 baixo e da Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, (CIF- G-36.704.666) con enderezo social na rúa Otero Pedraio, nº5, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 9159-335. Este crédito é con cargo á partida 3380.4800002 do vixente orzamento.

A subvención municipal será asignada entre as dúas entidades do seguinte xeito:

a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 41.950,50 € (corenta e un mil novecientos cincuenta euros )

b) A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666 a cantidade 43.049,50 € (corenta e tres mil cincuenta euros)

TERCEIRO: Autorizar un pago anticipado, de ata un máximo do 40% da cantidade estipulada, na data da sinatura do presente convenio, tal e como se recolle no artigo 34.4. da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e na base 38.7 das de execución do orzamento xeral.

PROPOSTA DO TEXTO DE CONVENIO PARA REGULAR OS TERMOS DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2022.

Vigo, 27 de xaneiro de 2022

### REUNIDOS

Dunha parte,

D. Pablo L. Estévez Rodríguez na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 04/09/2020 e os acordos da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos/as concelleiros/as-delegados/as de área aprobados con data do 20/06/2019 e modificacións do 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019, 18/08/2020, 05/11/2020 (rectificación de erros do texto consolidado), 23/12/2020 (rectificación de erros do texto)

E doutra

Dona MARÍA CONCEPCIÓN ÁLVAREZ ABALDE presidenta da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, CIF. G-36.791.291, enderezo social na rúa Ecuador nº 34 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

D. CAMILO PAIS MARTÍNEZ, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente.

En adiante, estas dúas últimas denominaranse "COMISIÓN ORGANIZADORA".

Intervindo as partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non teren limitada, para o outorgamento do presente Convenio

## MANIFESTAN

1. Que o **Entroido** é un dos eventos festivos populares máis participativos e de maior arraigo na cidade de Vigo, no que a cidadanía toma a cidade como protagonista e a rúa como espazo privilexiado das festas.
2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos unha labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades de animación socioculturais diversas, tales coma concursos de comparsas de carrozas e disfraces, carreira popular do Entroido, etc. e cun amplo programa de actuacións musicais, animación infantil, pregón, queima do meco, etc.
3. Que no **Entroido** participan activamente e de forma intensa diversas entidades de carácter cultural, social e veciñal, aspecto que vén recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
4. Que dende o ano 1996 estanse a asinar convenios entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas as partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a programación da presente edición do **Entroido** na cidade de Vigo.
5. Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.480.0002 (convenio Entroido), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 85.000,00 (oitenta e cinco mil) euros para a organización do Entroido 2022.
6. Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a **programación, organización e execución do Entroido 2022**, que se desenvolverá entre os días 25 de febreiro e 2 de marzo en diversos puntos da cidade.
7. Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
8. Que a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais non están incursas en prohibición para ser beneficiarias das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teñen débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente de referencia.



## Concello de Vigo

Polo que, en consideración ao antes exposto, o Concello de Vigo e a COMISIÓN ORGANIZADORA establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

### CLÁUSULAS

#### Primeira.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto a organización da programación do “**ENTROIDO 2022**” que se oferta á cidade de Vigo, segundo programa das actividades e bases dos diferentes concursos que forman parte do expediente nº 9159-335.

#### Segunda.- Lugar e data

A programación do ENTROIDO 2022 levarase a cabo na cidade de Vigo nos días e lugares que aparecen na devandita programación: do venres, 25 de febreiro ao mércores, 2 de marzo de 2022.

A tal fin a produción destas actividades deberá suxeitarse ás normas e procedementos que se establecen na programación e nas bases dos concursos, cumprindo en todo momento os principios de publicidade e concorrencia.

#### Terceira.- Características da subvención

**1º.-** O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, unha subvención por importe de **85.000,00 euros** para o desenvolvemento das actividades do ENTROIDO 2022, que se financiará con cargo aos créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Festas, na aplicación 3380.480.0002 (convenio entroido), do exercicio económico do 2022. A desagregación deste orzamento figura no anexo III deste convenio, segundo o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

**2º.-** O CONCELLO DE VIGO abonará a cantidade de 85.000 € co fin de fomentar as actividades e espectáculos que desenvolven as entidades asinantes no período do entroido, nesta cidade.

O outorgamento desta subvención realizarase consonte ao procedemento legalmente establecido que esixe, unha vez executada a actividade prevista para o Entroido 2022:

- a) A presentación por rexistro de entrada do Concello de Vigo da correspondente solicitude da subvención, xunto coa memoria final das actividades realizadas, debidamente asinadas por ámbalas dúas entidades, así como o certificado de número de conta de titularidade e os certificados de débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda (ATRIGA), coa Axencia Tributaria do Estado e co Concello de Vigo (este último poder ser obtido de oficio por este Concello).
- a) Certificado de conformidade do cumprimento do programa previsto neste convenio asinado polo personal técnico da Concellería de Participación Cidadá e Festas.

A subvención municipal será asignada entre as dúas entidades do seguinte xeito:

- a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 41.950,50 € (corenta e un mil novecentos cincuenta euros )

b) A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF G-36.704.666 a cantidade 43.049,50 € (corenta e tres mil cincuenta euros)

**3º.-** A beneficiaria pode solicitar un pago anticipado, de ata un máximo do 40% da cantidade estipulada, na data da sinatura do presente convenio, no momento de xustificación procederase á tramitación do pagamento final pola cantidade restante. Este anticipo é necesario para poder levar a cabo as actuacións anteditas e queda condicionado á presentación e conformidade dos documentos orixinais que xustifiquen a realización da actividade, tal e como se recolle no artigo 34.4. da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e na base 38.7 das de execución do orzamento xeral.

#### **Cuarta.- Xustificación**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a COMISIÓN ORGANIZADORA está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2022, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período



## Concello de Vigo

obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

No caso de que a Comisión organizadora se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se as Entidades se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Quinta.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e que se atopan recollidos no anexo II ao convenio, e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Sexta.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Sétima.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Oitava.-** A difusión aós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Participación Cidadá e Festas.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ao público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística.

**Novena.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Décima.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

**Décimo primeira.-** Establécese a seguinte composición da comisión ORGANIZADORA, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma xunto ó persoal técnico da Concellería de Participación Cidadá e Festas:

- Pola Agrupación de Centros deportivos e Culturais: A interlocutora titular dona María Concepción Álvarez Abalde e o interlocutor suplente: D. Pablo Moreiras González.
- Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”: O interlocutor titular don Camilo País Martínez e o interlocutor suplente: D. Raul Vila Caride

Así mesmo, forman parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento o persoal técnico da Concellería de Participación Cidadá e Festas.

Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión ORGANIZADORA estará en permanente contacto co responsable da empresa contratada para a realización e coordinación do Plan de Autoprotección e medidas de Emerxencia para as actividades do Entroido 2022, así como con todo o persoal despregado, membros de Policía Local, Protección Civil, e servizos de primeiros auxilios presentes.

Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico do servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas. Para facer posible este cometido, a organización deberá dispor dun mínimo de dez intercomunicadores ao seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.

Coa periodicidade necesaria, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de concretar os criterios organizativos para o desenvolvemento dos eventos e entrega da información escrita precisa acerca da organización dos mesmos.

A comisión presentará na Concellería de Participación cidadá e Festas nos tres días hábiles seguintes á finalización do programa, un informe de seguimento do evento coas incidencias acontecidas, no seu caso, antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

**Décimo segunda.-** As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:

1. Planificación, seguimento, execución e produción integral do programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto, e que foi confeccionado pola comisión organizadora.





## Concello de Vigo

2. Achegar a información sobre os tipos de espectáculos e actividades previstos e realizar unha previsión aproximada de asistencia do público.
3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.
4. En canto a instalación e montaxe das infraestruturas necesarias para a produción, deberán contar coas certificacións técnicas esixibles e, no caso de tratarse de maquinaria e/ou vehículos, contar coa declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV conforme, correspondente a escenarios móbiles ou documento análogo acreditativo do estado de idoneidade do mesmo (asinado polo técnico competente).
5. Boletíns eléctricos de instalación (asinados polo técnico competente).
6. Deberá presentar neste concello, con carácter previo á celebración dos actos previstos no seu programa de actividades do Entroido, o correspondente Plan de Autoprotección e de Medidas de emerxencias para o desenvolvemento da programación do Entroido 2022, con indicación expresa do seu responsable.
7. Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios. Así mesmo terán que nomear os/as “Xefes/as de Equipo” encargados da coordinación das persoas voluntarias, (ata oito xefes de equipo por entidade). Con respecto as persoas voluntarias levarán durante o desenvolvemento das actividades nas que participen, en concreto durante o concurso de comparsas e carrozas do día 26 de febreiro, o chaleco identificativo de Voluntario. Tanto o persoal contratado polas entidades, como as persoas voluntarias terán prohibido o consumo de alcohol e tabaco durante o desenvolvemento das actividades recollidas no programa.
8. Comprobar o día anterior e o mesmo día do desfile do concurso de comparsas e carrozas que a altura da iluminación do Entroido 2022, permite o paso das carrozas e máis de calquera elemento de animación inscritos nas comparsas.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento dos eventos; a comisión ORGANIZADORA entregará ao Concello copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa. O importe da póliza cumprirá o establecido na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
10. Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade, especialmente cumprir os requisitos para a tramitación de eventos e festas populares esixidos pola oficina de seguridade e mobilidade trala entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
11. Cumprimento do establecido no Plan de Autoprotección para o actos do Entroido 2022 ao amparo do previsto no Decreto 171/2010 e RD 393/2007 polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección que esixe o Plan de Autoprotección cando o evento popular supere o aforo de 20.000 persoas.

12. En cumprimento coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia relativa a “festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisións de festas” que establece que:

As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as o por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación o comisión na que se relate o programa das actividades a realizar e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia o documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo.

13. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable o a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada o solicitada pola persoa titular da instalación.
14. Realizar as contratacións necesarias para o desenvolvemento do programa de acordo cos límites establecidos polos arts. 29 da LXS e 27 da LSG:
  - a) Animacións de rúas (murgas, charangas e grupos de animación)
  - b) Contratación da sinalización e valados de seguridade, cortes de tráfico, estrutura para persoas con mobilidade reducida, punto de encontro de nenos perdidos, megafonía, luces e son, intercomunicadores, plataforma- escenario de 8 x 6 metros como mínimo e calquera outra necesaria para o desenvolvemento do programa.
  - c) Deseño, realización e instalación do Meco.
  - d) Iluminación ornamental para os espazos adicados ao Entroido 2022.
  - e) Escenografía do pregón, sentenza, xuízo, velorio e enterro do Meco.
  - g) Obradoiros e actividades lúdicas da programación infantil.
  - h) Decoración do espazo para o desenvolvemento dos concursos.
  - i) Servizos de cruz vermella.
  - j) Megafonía e iluminación.
  - k) Elaboración do Plan de Autoprotección, inscrición do REGAPE e coordinación de seguridade nos eventos programados, así como o Protocolo de actuación fronte á COVID.
  - l) Calquera outro gasto necesario para o bo desenvolvemento do programa.
15. Devolver os equipamentos cedidos polo Concello e os lugares onde se desenvolvan as actividades nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión ORGANIZADORA, dentro do período de vixencia do presente convenio.
16. Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico do Servizo de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).
17. Asumir todos os seguros relativos ás infraestruturas, actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias



## Concello de Vigo

que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.

18. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.
19. Presentar na Concellería de Participación Cidadá e Festas a memoria de execución, contendo a programación desenvolvida, datos de participación e asistentes, recursos utilizados, avaliación, balance de gastos e ingresos finais, relación detallada dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar, memoria de prensa, rexistros fotográfico e audiovisual, incidencias).
20. Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Participación Cidadá e Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello de Vigo.
21. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.
22. Organizar a distribución dos diferentes elementos que compoñen o desfile-concurso de comparsas, concursos de disfraces infantil e adultos e enterro do Meco nos lugares de concentración e percorrido establecidos.
23. Asumir todos os gastos de produción e entrega dos premios derivados dos diferentes concursos de comparsas, carrozas, disfraces previstos, conforme as bases e que se achega ao expediente e no presuposto anexo I a este convenio.
24. A comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, material gráfico, animación infantil e material escenográfico.

**Décimo terceira.-** As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

1. O Concello de Vigo comprométese a achegar as cantidades mencionadas na cláusula terceira puntos 1, 2 e 3, para financiar a realización do programa do ENTROIDO 2022, segundo o presuposto que figura no anexo III.
2. O servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas xestionará a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción dos eventos, en particular os servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como a xestión de todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias.
3. O Servizo de Festas deste concello determinará os xurados dos concursos de comparsas e facilitará na medida do posible a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO 2022 recollida na programación.

**Décimo cuarta.-** A participación en todas as actividades previstas no programa do Entroido 2022 serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ao aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.

**Décimo quinta.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Participación Cidadá e Festas nas propias actividades que se determinen.

**Décimo sexta.-** O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas queda facultada para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo sétima.-** En todo momento deberá cumprirse a normativa sanitaria referente á COVID-19. Respetaranse as delimitacións e aforos que marque o protocolo COVID debendo facerse as adaptacións e axustes necesarios, tanto na programación como nas infraestruturas e instalacións, derivados na modificación da normativa ou da situación sanitaria.

**Décimo oitava.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer as entidades beneficiarias da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo novena. –** As entidades beneficiarias están informadas de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2017, Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

**Viséxima.-** En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo primeira.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os



## Concello de Vigo

preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

### **12(90).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

MEF.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez